

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 15.12.2017 Hora: 10:30

A Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de decembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

- 1 12767 (10/POC-002161)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións da Consellería de Economía, Emprego e Industria destinadas a promover a seguridade industrial en Galicia desde o ano 2015
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017

- 2 14907 (10/POC-002732)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da aplicación do Real decreto 900/2015, polo que se regula o autoconsumo de enerxía eléctrica, a demanda que vai realizar ao Goberno central e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017

- 3 18993 (10/POC-003124)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación coa pretensión de Gas Natural de desmantelar a instalación de almacenaxe de GLP na urbanización da Barcala, no concello de Cambre, así como as medidas que vai adoptar respecto da veciñanza afectada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017

- 4 19531 (10/POC-003206)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 4 máis
Sobre as cesións de dereitos mineiros levadas a cabo desde o ano 1986 para a mina situada nos concellos de Touro e do Pino, os informes e ditames elaborados pola Xunta de Galicia para a súa autorización e a

exixencia aos sucesivos propietarios do compromiso de desenvolver as actuacións ambientais previstas no seu peche nese ano, así como as actividades desenvolvidas nela desde esa data e os datos referidos ás análises e controis das augas realizados por Augas de Galicia nos ríos Brandelos, Tribas, Pucheiras, Portapego e Lañas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017

- 5 20095 (10/POC-003272)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a opinión do Goberno galego referida aos resultados das medidas desenvolvidas para evitar o continuo incremento dos prezos dos combustibles en Galicia, o estudo dalgunha nova vía de actuación e as súas previsións en relación co establecemento dalgún novo mecanismo de control ao respecto ou mellora dos existentes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017
- 6 20441 (10/POC-003312)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e Rodríguez Estévez, David
Sobre a información do Goberno galego respecto do inicio por Red Eléctrica de España dos traballos de desmantelamento da antiga liña de 220 kV Trives-Aparecida e a recuperación ambiental das zonas afectadas, así como o alcance que van ter
Publicación asignación nova Comisión, BOPG n.º 220, do 30.11.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

| | |
|----------------------------------|-----|
| Presidenta | |
| Cristina Isabel Romero Fernández | P |
| Vicepresidenta | |
| Sandra Vázquez Domínguez | P |
| Secretaria | |
| Noa Presas Bergantiños | BNG |

Vogais

| | |
|---------------------------------|----|
| María Ángeles Antón Vilasánchez | P |
| Moisés Blanco Paradelo | P |
| Francisco Casal Vidal | EM |
| Abel Fermín Losada Álvarez | S |
| Juan José Merlo Lorenzo | EM |
| María Isabel Novo Fariña | P |
| Marta Nóvoa Iglesias | P |
| José Manuel Pérez Seco | S |
| Miguel Ángel Tellado Filgueira | P |

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 12767(10/POC-002161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións da Consellería de Economía, Emprego e Industria destinadas a promover a seguridade industrial en Galicia desde o ano 2015

Publicación da iniciativa, 157, 03.08.2017



Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A crise económica que temos padecido na última década, e que si ben, parece remontar a nivel macroeconómico, continua xerando pobreza e desigualdade, non só entre os parados, senón tamén entre os e as traballadoras con salarios máis baixos, tivo outros moitos efectos.

Os e as socialistas queremos mostrar a nosa preocupación pola relaxación, que coa desculpa da crise, se ten producido no ámbito da seguridade industrial. Os recortes nos custos das empresas, e a falla de iniciativa política por parte da Administración autonómica, teñen feito que a situación neste ámbito retrocédese a niveis de fai bastantes anos.

Isto ten producido, entre outras consecuencias, que os niveis dos accidentes laborais, que deberían de diminuír de maneira sostida no tempo, se teñan mantido estables, e mesmo teñan aumentado en algún período.

A mellora que debería de terse producido neste ámbito, recolleríase no articulado do Decreto legislativo 1/2015, que entrou en vigor o 13 de febreiro de 2015, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

E que inclúe como un dos seus obxectivos, ordenar a seguridade industrial mediante o establecemento dun sistema de control que atendendo a criterios de eficiencia e eficacia, garanta a seguridade dos establecementos, das instalacións e dos produtos industriais en Galicia.



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Que actuacións preventivas ten realizado a Consellería de Economía, Emprego e Industria para promover a seguridade industrial en Galicia dende o ano 2015?
2. Cales teñen sido os plans e programas de inspección realizados?
3. Que medidas se teñen adoptado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para garantir a seguridade industrial nos nosos establecementos, instalacións e equipos e maquinaria industrial?
4. Cantas inspeccións se teñen efectuado no ano 2016?
5. Cantas instalacións deberían terse inspeccionado?
6. Como se controlan os cambios nas instalacións industriais?
7. Cantas actuacións se teñen desenvolvido para promover a participación dos axentes económicos e sociais en materia de seguridade industrial?
7. Que grado de desenvolvemento teñen en Galicia os diferentes instrumentos de control da seguridade industrial?
8. Tense establecido un plan ou programa de inspección para o ano 2017?
9. Considera a Xunta de Galicia asumible una siniestralidade no ano 2016 de 7.300 accidentes e de 60 mortes?
10. Que investigación se fixo o respecto do accidente mortal de Sogama de febreiro de 2017?

Pazo do Parlamento, 12 de xullo de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/07/2017 13:00:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2017 13:08
Nº Rexistro: 12767
Data envío: 17/07/2017 13:08:01.897



 Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/07/2017 13:00:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 14907(10/POC-002732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da aplicación do Real decreto 900/2015, polo que se regula o autoconsumo de enerxía eléctrica, a demanda que vai realizar ao Goberno central e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:32
Nº Rexistro: 14907
Data envío: 31/08/2017 13:32:47.591

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao impulso do autoconsumo.

O autoconsumo é unha oportunidade aberta de cara ao aforro enerxético, a eficiencia nas redes de transporte e a redución de prezos de mercado. Para alén disto, supón unha aposta polas enerxías limpas e pola redución das emisións contaminantes así como pola produción descentralizada e mesmo, no caso das empresas, polo incremento da competitividade. A oportunidade de que os consumidores xeren a súa propia electricidade implica consecuencias extraordinariamente positivas no eido económico e social do país que cómpre impulsar desde as administracións.

Porén, o Real Decreto 900/2015, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas das modalidades de subministro de enerxía eléctrica con autoconsumo e de produción con autoconsumo, tivo como orientación principal a de para impedir o desenvolvemento do autoconsumo, no canto do seu fomento. Con esta normativa, o Goberno estatal impuxo unha barreira económica inxustificada ao desenvolvemento do autoconsumo. O Goberno aprobou esta normativa de forma illada, en contra do clamor social (máis de 200.000 firmas e 40.000 alegacións recollidas contra o texto), o resto de organizacións políticas e sociais, e institucións como a CNE, CNC ou a Defensora do Pobo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:32
Nº Rexistro: 14907

Data envío: 31/08/2017 13:32:47.591

A normativa introduciu un cargo económico extra, coñecido popularmente como “imposto ao sol”, para aqueles consumidores que, ademais de contar co servizo de electricidade da rede, teñan un sistema de autoconsumo. Este “imposto ao sol” é inxustificable, como xa viñeron denunciando diferentes organismos reguladores, e desincentivador. Os autoconsumidores conectados á rede xa pagan as mesmas peaxes ao sistema que calquera outro consumidor, é dicir, a totalidade do termo fixo, e a parte correspondente á demanda de enerxía que fagan da rede.

O Real Decreto non regulou o balance neto, a modalidade máis estendida no mundo e especialmente interesante para incentivar o autoconsumo nos fogares e que consiste en ceder a electricidade que un xera e lle sobra cando non a usa (por exemplo, nas horas centrais do día en moitos fogares) e poder, a cambio, recuperar esa mesma cantidade de enerxía cando a instalación non xera (por exemplo, de noite).

Esta regulación penalizadora do autoconsumo supuxo un novo paso nun deseño enerxético contrario aos intereses e necesidades de Galiza. Cabe recordar que ao noso país foille adxudicado polo Estado español o papel subministrador de enerxía para favorecer o desenvolvemento e industrialización doutros territorios. Así, Galiza é excedentaria na produción de electricidade, e soporta os custos sociais e medioambientais derivados desta especialización: desprazamento de poboación, inundación de vales, contaminación, etc. Porén, por ser o deseño eléctrico alleo á realidade do noso país, non obtemos ningún beneficio da condición de produtor excedentario.

En sentido contrario á orientación das políticas do Goberno do Estado, algunhas CCAA están a impulsar medidas que favorezan o autoconsumo, como é o caso das Illas Baleares, onde se teñen aprobado convocatorias públicas de axudas para o fomento das instalacións de enerxía solar fotovoltaica e eólica para autoconsumo, ou máis recentemente a Generalitat de Cataluña, que a pesares das limitadas competencias tenta



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:32
Nº Rexistro: 14907

Data envío: 31/08/2017 13:32:47.591

impulsar unha política enerxética propia, e acaba de crear unha mesa con representantes do sector público e do privado para impulsar o autoconsumo enerxético. O obxectivo é estudar as barreiras administrativas, económicas e legais que dificultan xeneralizar este tipo de produción enerxética e propoñer medidas para superalas. Formarán parte da mesa representantes da Generalitat, das administracións locais e supralocales e empresas, asociacións profesionais, distribuidores e comercializadores de electricidade, colexios profesionais, asociacións de consumidores e fabricantes e distribuidores de equipos do sector.

Esta normativa estatal que trata de frear o autoconsumo choca coa decidida aposta polo autoconsumo por parte dunha significativa parte da sociedade galega. Porén, nesta cuestión, como en moitas outras, o que está a caracterizar á Xunta de Galiza é a máis completa inacción.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza do RD 900/2015 que regula o autoconsumo?

-Considera a Xunta de Galiza que a normativa aprobada dou satisfacción ás demandas do sector?

-Considera a Xunta de Galiza que o marco deseñado fomenta o autoconsumo?

-Vai a Xunta de Galiza a instar ao goberno do Estado a que derroque o citado Real Decreto e consensúe un novo cos consumidores e comunidades autónomas?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:32
Nº Rexistro: 14907
Data envío: 31/08/2017 13:32:47.591

-Considera a Xunta de Galiza necesario ter un marco competencial acaído para que Galiza poida impulsar unha normativa favorecedora do autoconsumo?

-Vai a realizar a Xunta de Galiza algún programa de axudas tendente a fomentar o autoconsumo?

-Vai a impulsar a Xunta de Galiza a creación dunha mesa con representantes do sector público e do privado para impulsar o autoconsumo enerxético?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2017 13:32:15

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2017 13:32:20



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:32
Nº Rexistro: 14907

Data envío: 31/08/2017 13:32:47.591

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2017 13:32:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2017 13:32:23

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2017 13:32:25

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2017 13:32:27

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 18993(10/POC-003124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación coa pretensión de Gas Natural de desmantelar a instalación de almacenaxe de GLP na urbanización da Barcala, no concello de Cambre, así como as medidas que vai adoptar respecto da veciñanza afectada

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:55
Nº Rexistro: 18993
Data envío: 18/10/2017 16:55:05.875

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Gas Natural pretende desmantelar a instalación de almacenamento de GLP que da servizo á urbanización A Barcala, no concello de Cambre, para substituíla por gas cidade. Unha pretensión que se realiza sen informar aos veciños e veciñas afectados/as. Por outra banda, esta empresa desenvolveu unha campaña moi agresiva entre os veciños e veciñas para “obrigalos” a cambiar o propano polo gas cidade, ofrecendo o cambio de caldeiras de forma gratuíta e incluso chegando a ameazalos con deixar sen servizo se non cambiaban para gas cidade.

Diante disto, constituíuse unha plataforma de afectados/as que levaron adiante unha campaña de recollida de sinaturas para opoñerse á pretensión de Gas Natural, e organizou unha manifestación neste sentido o pasado 19 de setembro.

Por todo o dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cal é a posición da Xunta a respecto da pretensión de Gas Natural que afecta aos veciños e veciñas da urbanización A Barcala (Cambre)?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:55
Nº Rexistro: 18993
Data envío: 18/10/2017 16:55:05.875

- Que medidas de apoio vai adoptar a Xunta de Galicia con respecto aos veciños e veciñas afectadas?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2017 16:53:32

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2017 16:53:37

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2017 16:53:39

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2017 16:53:41



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:55
Nº Rexistro: 18993
Data envío: 18/10/2017 16:55:05.875

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2017 16:53:42

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2017 16:53:43

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 19531(10/POC-003206)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 4 máis

Sobre as cesións de dereitos mineiros levadas a cabo desde o ano 1986 para a mina situada nos concellos de Touro e do Pino, os informes e ditames elaborados pola Xunta de Galicia para a súa autorización e a exixencia aos sucesivos propietarios do compromiso de desenvolver as actuacións ambientais previstas no seu peche nese ano, así como as actividades desenvolvidas nela desde esa data e os datos referidos ás análises e controis das augas realizados por Augas de Galicia nos ríos Brandelos, Tribas, Pucheiras, Portapego e Lañas

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados, **Francisco Casal Vidal, Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando, Juan José Merlo Lorenzo e Luís Villares Naveira**, e da súa deputada **Paula Quintero Araújo**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 6.ª**, relativa ao histórico de cesión dos dereitos mineiros da mina de Touro-O Pino.

A aposta polo espolio dos recursos naturais de Galicia que está a facer a Xunta, coa eliminación de calquera mecanismo de garantías medioambientais e participativas, na elaboración de proxectos de Megamineiría, como acontece co Proxecto de lei de iniciativas empresariais aprobado no Parlamento de Galicia, funciona como reclamo de numerosos proxectos que supoñen un enorme risco ambiental, neste caso a resurrección do aproveitamento do cobre na mina de “San Rafael” en Touro.

O 25 de agosto o DOGA recollía a convocatoria de información pública sobre a actualización da explotación deste proxecto mineiro nos concello de Touro e o Pino, cando aínda están por resolver as gravísimas eivas na necesaria restauración derivada da oxidación dos sulfuros metálicos que están a provocar un desastre ambiental nas augas soterradas da comarca, desastre que con este proxecto lonxe de arranxarse veranse fortemente incrementado.

Desde que Rio Tinto Mineira decidiu pechar a mina en 1986 a xestión hidrolóxica para evitar as escorrentías cara aos ríos da zona foron inexistentes, producíndose actuacións polos sucesivos tenedores dos dereitos mineiros nesta



zona que mesmo deterioraron máis a situación ambiental.

Un feito moi grave produciuse cando Explotacións Galegas tapou parte das balsas existentes o que derivou as escorrentías cara aos ríos.

Só unha adecuada xestión hidrolóxica destes vertedoiros, con tratamentos de revexetación, embalsamentos, recirculación e tratamento das augas, podería paliar o problema, de non facelo, o foco contaminante constitúe unha fonte permanente de degradación da calidade das augas fluviais.

Para poder avaliar adecuadamente o novo proxecto é necesario coñecer o sucedido desde 1986 ata o momento e, ante a falta de información suficiente para a mencionada avaliación, **En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en comisión:**

- 1.- Cal foi o histórico de cesión dos dereitos mineiros dende 1986 ata a actualidade?
- 2.- Cales foron os informes e ditames elaborados pola Xunta de Galicia para autorizar ditas cesións?
- 3.- Esixiuse aos sucesivos propietarios dos dereitos mineiros o compromiso de desenvolver as actuacións ambientais prevista no peche por Río Tinto en 1986?
- 4.- Cales foron as actividades mineiras desenvoltas na mina de Río Tinto en Touro dende 1986 ata a actualidade.?
- 5.- Cales foron as actuacións ambientais, de rexeneración e de xestión hidrolóxica desenvoltas polos sucesivos propietarios dos dereitos mineiros.?



6.- Realizou Augas de Galicia, dende 1986 ata 2017, análises e controis das augas dos ríos: Brandelos, Tribas, Pucheiras, Portapego e Lañas? Cales foron os resultados?

7.- Produciuse algunha sanción ambiental polas actuacións mineiras entre os anos 1986 e 2017?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 30/10/2017 11:30:40

Antón Sánchez García na data 30/10/2017 11:30:55

Marcos Cal Ogando na data 30/10/2017 11:31:07

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/10/2017 11:31:16

Luis Villares Naveira na data 30/10/2017 11:31:34

Paula Quinteiro Araújo na data 30/10/2017 11:31:41

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 20095(10/POC-003272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego referida aos resultados das medidas desenvolvidas para evitar o continuo incremento dos prezos dos combustibles en Galicia, o estudo dalgunha nova vía de actuación e as súas previsións en relación co establecemento dalgún novo mecanismo de control ao respecto ou mellora dos existentes

Publicación da iniciativa, 215, 22.11.2017



Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A pesares da intensa actividade do “*Departamento de Publicidade e Propaganda*” da Xunta de Galicia en relación coa súa “incansable” actividade para vixiar os incrementos do prezo de combustible en Galicia, os resultados teñen sido moi escasos.

Dende que comezou a caída do prezo de petróleo ata a actualidade, en que comeza de novo a medrar, os socialistas vimos denunciando sistematicamente as estratexias empresariais que prexudican os intereses, tanto dos cidadáns, como do propio tecido económico do país, xa que o prezo dos combustibles, e polo tanto do transporte por estrada, é un elemento moi importante da competitividade do país.

Agora que o prezo do petróleo está repuntando, tódolos indicios mostran que esta subida está a ser trasladada con inmediatez e forza aos consumidores finais. De feito, vimos asistindo dende hai anos a unha estratexia das empresas comercializadoras de combustibles derivados do petróleo, e que as autoridades de competencia non son quen de evitar, que impide que a diminución do prezo do cru se traslade aos consumidores con rapidez, tanto a familias como a empresas; pero consegue que os incrementos do petróleo o fagan con celeridade.

O Goberno galego anunciou, xa nos primeiros momentos en que o petróleo comezaba o seu descenso, que estaba a desenvolver accións intensas dende o ámbito de protección aos consumidores; pero o certo é que mentres o petróleo baixou, este descenso trasladouse moi lentamente aos prezos ás persoas consumidoras.

Pero o incremento actual do prezo do petróleo, así como a mera previsión dun incremento do consumo de combustible no inverno fai que o seu prezo continúe aumentando con forza no conxunto de



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

España, pero especialmente en Galicia, a comunidade autónoma peninsular onde máis o fai.

E mentres isto acontece, os órganos de control da competencia continúan enfrascados en incomprensibles loitas de poder que diminúen a súa eficacia. Así, xa en maio deste ano, anunciouse que a *Comisión Nacional de Mercados y la Competencia* (CNMC) estreitaría e potenciaría a colaboración coa Xunta de Galicia para acabar cos prezos diferenciais de combustible en Galicia respecto ao resto de España.

Aínda que o Executivo autonómico anunciou que enviaba á CNMC un informe xa en 2014 no que pedía que investigase o maior prezo do combustible nas provincias galegas, antes de impostos, respecto a media a pesar de que Galicia conte con unha das refinerías, os resultados teñen sido nulos.

Os derradeiros datos coñecidos mostran que os prezos do combustible en Galicia, continúa sendo máis alto que no resto das comunidades peninsulares. Como exemplo, o diésel, que ten o maior efecto na competitividade do conxunto da economía sufriu no último mes deste ano o maior incremento nos últimos trinta meses, a un ritmo que duplica o da media estatal.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta que as medidas desenvolvidas ata o momento para evitar o sostido e intenso incremento dos prezos dos combustibles en Galicia presentan uns resultados satisfactorios?
2. De non ser así, ten explorado a Xunta xa algunha nova vía de actuación?
3. Ten pensado establecer a Xunta de Galicia algún novo mecanismo de control na evolución dos prezos do combustibles no ámbito das súas competencias?
4. Se é así, cales serían as súas orientacións principais de estas novas



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2017 13:44
Nº Rexistro: 20095
Data envío: 10/11/2017 13:44:46.103



 Grupo Parlamentario

actuacións?

5. Tendo en conta a subida dos prezos que se está a producir, van a mellorar os mecanismos de control e defensa dos consumidores?

6. De que maneira?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/11/2017 13:42:32

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/11/2017 13:42:38

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.12.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 20441(10/POC-003312)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Rodríguez Estévez, David

Sobre a información do Goberno galego respecto do inicio por Red Eléctrica de España dos traballos de desmantelamento da antiga liña de 220 kV Trives-Aparecida e a recuperación ambiental das zonas afectadas, así como o alcance que van ter

Publicación asignación nova Comisión, 220, 30.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 6.^a, **relativa ao desmantelamento da vella liña de 220 kV Trives- Aparecida**.

Nesta Comisión 6.^a, o pasado 1 de Febreiro de 2017, preguntamos ao Director Xeral de Enerxía e Minas sobre o incumprimento do comprometido nos protocolos firmados por REE cos Concellos de Trives e Manzaneda e na declaración de impacto medioambiental do novo dobre circuíto 400/220 kV, nos que se marcaba o desmantelamento da antiga liña de 220 kV en canto estivera en servizo o novo circuíto.

O Director Xeral recoñeceu as nosas inquedanzas fundadas e alegou que o incumprimento era debido ao retraso no enlace da subestación de Ponte Bibei ao novo circuíto de 220 kV, pero que dito enlace estaba en tramitación na Delegación da Xunta en Ourense e que podía comprometerse a que nun período de entre 8 e 12 meses a antiga liña de 220 kV podería estar desmantelada. Pasaron xa 10 meses desde a data en que recibimos esta resposta e non temos informacións de que os traballos de desmantelamento comezaran.

Ante a falta de información sobre o mencionado na exposición de motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 20441
Data envío: 20/11/2017 19:22:12.765



- 1.- Iniciáronse os traballos de desmantelamento da antiga liña de 220 kV Trives-Aparecida?
- 2.- Se non é así, e o compromiso marcado non se está a cumprir, cando está previsto o inicio dos traballos?
- 3.- A declaración de impacto ambiental, do novo circuíto 400/220 kV marcaba, ademais do desmantelamento da antiga liña de 220 kV, a recuperación ambiental das zonas afectadas pola mesma. Ten información a Xunta de Galicia de se REE está a iniciar estes traballos de recuperación? Ten información detallada de como será o alcance destes traballos?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 20/11/2017 19:20:30

David Rodríguez Estévez na data 20/11/2017 19:20:38